

## MESA SECTORIAL DO 11 DE SETEMBRO DE 2024

### Dietistas – nutricionistas

O SERGAS comprométese a consolidar a categoría de Dietista-nutricionista en atención primaria, pero reorganizará as prazas consolidando en interinidades 75 prazas dos 94 contratos que hai actualmente.

Informa de que prorrogarán durante 3 meses os contratos actuais, e cando se autoricen as vacantes ofertaranse as **75 vacantes por orde de puntuación nas listas de contratacións.**

	Pilotaxe 2022-2024	Ratio estimada 2024-2025
Lugo-A Mariña-Monforte	15	10
Ourense-Verín-O Barco	13	10
Vigo	15	14
A Coruña-Cee	18	13
Pontevedra-O Salnés	10	9
Santiago-Barbanza	16	13
Ferrol	7	6
TOTAL	94 PROFESIONAIS	75 PROFESIONAIS

**CIG-Saúde** expuxemos que apostamos pola categoría e que consideramos que é un servizo moi importante pero criticamos que se reduza o número de profesionais atendendo aos criterios expostos que falan exclusivamente de número de consultas e non hai ningún rexistro da actividade de prevención na comunidade tan importante na categoría.

**CIG-Saúde** denunciámos que as persoas que foron contratadas no 2022, foran chamadas por orde de inscrición cando as listas non estaban aínda viventes, o que fixo que persoas que nas listas definitivas con menor puntuación continúen traballando, e as primeiras de lista estean sen traballar. Solicitamos que as prórrogas se oferten pola lista de contratación vivente.



## MESA SECTORIAL DO 11 DE SETEMBRO DE 2024

### Procesos de provisión de prazas

- **CTAP 2024:** publicación das adxudicacións provisionais na segunda quincena de setembro, sen data concreta.
- **Concurso de méritos de TCAE e PSX:** publicación da resolución definitiva a finais de setembro, e tomas de posesión no mes de outubro.

Informan de que o obxectivo do SERGAS é executar os procesos de estabilidade no que queda do ano, retrasando as tomas de posesión de OPE e CTAP ao ano 2025.

**CIG-Saúde** denunciámos que retrasar ao 2025 as tomas de posesión que terían que ser no 2024, ten consecuencias para as profesionais, posto que non poderían participar no CTAP do 2026 por non cumprir a 15 de xaneiro o ano de permanencia na praza.

**CIG-Saúde** solicitamos que nas categorías nas que sexa posible se resolvan no 2024 e non se demore innecesariamente a toma de posesión.

**CIG-Saúde** preguntamos polos criterios que van utilizar para determinar que prazas se van ofertar nos procesos de estabilidade. O SERGAS non o aclara.



## MESA SECTORIAL DO 11 DE SETEMBRO DE 2024

### Outros temas

**CIG-Saúde** solicitamos que se retome na mesa sectorial a negociación do acordo das/os médicas/os de urxencias hospitalarias como estaba comprometido.

**CIG-Saúde** solicitamos que se aborde na mesa sectorial os criterios de cese que se aplicarán nas tomas de posesión dos procesos de estabilización.

**CIG-Saúde** solicitamos que se revisen os centros e postos de difícil cobertura en base aos criterios establecidos a nivel estatal, e os posibles incentivos para os mesmos.

**CIG-Saúde** solicitamos que se trate na mesa sectorial que vai pasar coas vacantes logo da lei 20/2021 e que cumpren os 3 anos en xullo de 2025.

**CIG-Saúde** solicitamos que se aborde o Plan de ordenación de RRHH de atención primaria, e que se actualicen os datos.

### Nova especialidade de Medicina de urxencias e emerxencias

O SERGAS informa de que teñen previsto abrir o 18 de setembro no FIDES a solicitude do certificado de servizos prestados da parte pública, que terán que facer expresamente as/os profesionais. Enviarán un SMS cando estea dispoñible a solicitude no FIDES.

Unha vez que os certificados estean asinados estarán visibles no FIDES para que os poidan presentar no Ministerio no prazo que lles corresponda.

Ademais do certificado, os profesionais teñen que estar rexistrados no REPS (Rexistro Estatal de Profesionais Sanitarios). Este rexistro ten que facelo o SERGAS. Aseguran que todos estarán rexistrados antes de outubro.

